



Guía Docente				
Datos Identificativos			2019/20	
Asignatura (*)	Enfermaría Comunitaria II		Código	750G01019
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Romero Martin, Manuel	Correo electrónico	manuel.romero.martin@udc.es	
Profesorado	Fraga Sampedro, María Luisa	Correo electrónico	m.fraga2@udc.es	
	Romero Martin, Manuel		manuel.romero.martin@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Asignatura dirixida a dar continuidade ao aprendido na materia enfermaria comunitaria I, levándoa a un nivel maior de profundidade e especialización. Nesta materia desenvolverase a estrutura do sistema sanitario no que acontece o traballo dos enfermeiros comunitarios, e abordaranse os principais e máis actuais retos da saúde pública e a atención primaria en pos de unha atención comunitaria baseada no empoderamento persoal e comunitario onde sexan os propios cidadáns os que lideren o futuro dos coidados que queren recibir no ámbito da comunidade.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A26	Capacidade para describir os fundamentos do nivel primario de saúde e as actividades a desenvolver para proporcionar un coidado integral de enfermaría ao individuo, a familia e comunidade.
A27	Comprender a función e actividades e actitude cooperativa que o profesional desenvolverá nun equipo de Atención Primaria de Saúde.
A28	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
A29	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A30	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A33	Educación, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B18	Desenvolver a capacidade de liderado.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Descibir o concepto, fundamentos e desenvolvemento da atención primaria de saúde	A26	B1	C1
		B3	C7
		B8	
Definir o concepto de traballo no equipo de saúde, os principios que o determinan e identificando o rol da enfermeira/o comunitaria.	A27	B1	C1
		B3	C4
		B6	C6
		B11	C7
		B12	C10
		B13	C11
Identificar as necesidades de coidado da persoa, grupos e comunidades	A28 A29 A30 A33	B1	C1
		B6	C4
		B11	C6
		B16	C10
Identificar problemas de saúde (diagnósticos de enfermaría e/o complicacións potenciais) na persoa, grupos e comunidades	A28 A29 A30 A33	B1	C1
		B3	C4
		B8	C6
		B11	
		B13	
		B18	
Planificar coidados de enfermaría para os problemas de saúde das persoas, grupos y comunidades	A28 A29 A30 A33	B20	
		B24	
		B3	C1
		B6	C4
		B8	C6
		B11	C7
		B12	C10
		B13	C12
		B16	
		B20	
		B24	



Identificar e desenvolver as diferentes fases dos programas de prevención, promoción e educación para a saúde	A26	B1	C1
	A27	B3	C4
	A28	B6	C6
	A29	B8	C7
	A30	B12	C11
	A33	B13	C12
		B16	
		B20	
		B22	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
Atención Primaria de saúde e saúde comunitaria	Tema 1. Atención Primaria de Saúde 1.1 Definición de Atención Primaria. Elementos conceptuais de Atención Primaria de saúde. Evolución Histórica. Orientación salutoxénica de Atención Primaria. Atención Primaria e Saúde Pública. 1.2 Estrutura e Organización da Atención Primaria en España e en Galicia. Características do traballo en Atención Primaria. 1.3 A comunidade como obxectivo da Atención Primaria. A comunidade e a saúde comunitaria. Activos de saúde. A comunidade como suxeito de atención da enfermeira. Análise da situación. Diagnóstico de saúde. 1.4 As intervencións comunitarias. Intervencións con diferentes grupos. Equidade en saúde. Participación comunitaria. Órganos de participación comunitaria. Como iniciar un proceso de intervención e participación comunitaria. Programa PACAP. 1.5 Modelo de Atención Primaria Orientada á Comunidade (APOC). Bases metodolóxicas da APOC
Equipo interdisciplinario de saúde	Tema 2. O equipo de saúde. O equipo de atención primaria de saúde: composición, funcións do equipo e actividades. A enfermeira no Equipo de Atención Primaria



Enfermería Familiar e comunitaria	Tema 3. Os cuidados de enfermaría no nivel primario de saúde. Tema 3. Os cuidados de enfermaría no nivel primario de saúde 3.1 Definición de atención familiar e comunitaria. A enfermeira especialista en atención familiar e comunitaria: competencias. Situación actual. 3.2 Modelos organizativos do traballo da Enfermeira Comunitaria. O cuidado integral obxecto da enfermeira de Atención Primaria. O proceso de planificación de cuidados desde Atención Primaria. 3.3 Modalidades de atención de enfermaría familiar e comunitaria: consulta de enfermaría. Instrumentos de atención directa: entrevista clínica, entrevista motivacional. 3.4 Calidade en Atención Primaria de Saúde e en Enfermería Comunitaria. Sistemas de rexistro en Atención Primaria. Prescrición enfermeira, situación actual. 3.5 A familia como unidade básica de atención de enfermaría. Ciclo vital familiar. Valoración familiar. 3.6 Atención Domiciliaria. Características. Etapas da atención domiciliaria. Apoio e cuidados de enfermaría á cuidadora familiar.
--	---



Atención de Enfermería nos problemas de saúde prevalentes na comunidade	Tema 4. Atención de enfermería nas diferentes etapas do ciclo vital 4.1 Concepto de plan de saúde. Etapas dun plan de saúde. Concepto de programa de saúde. Metodoloxía da programación de saúde. 4.2 Participación da enfermería familiar e comunitaria nos distintos programas e procesos de saúde: Programa de Actividades Preventivas e de Promoción da Saúde. 4.3 Programa de Atención á Saúde Infantil, do Escolar e Adolescente. 4.4 Programa de atención á Muller. 4.5 Programa de Atención ao adulto. Programa galego de vacinación ao adulto 4.6 Programa de Atención ao ancián e ao Enfermo Terminal 4.7 Procesos e subprocesos de enfermería na atención integrada dos problemas de saúde prevalentes na comunidade. Atención de enfermería na Hipertensión Arterial. 4.8 Atención de enfermería na Diabetes Mellitus. Cuidados de enfermería ante o pé diabético. 4.9 Atención de Enfermería no paciente con EPOC. Espirometrías. 4.10 Cuidados de enfermería ao paciente con úlceras e feridas
Educación para a saúde	Tema 5. A educación sanitaria na comunidade. 5.1 Educación para a saúde- educación sanitaria. Concepto de Educación para a saúde. Obxectivos. Axentes. 5.2 Métodos e técnicas didácticas na educación sanitaria. 5.3 A Comunicación e a Educación para a Saúde.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A26 A27 A28 A29 A30 A33 B1 B6 B11 B20 B24 C1 C4 C6 C7	21	42	63
Aprendizaxe colaborativa	B1 B3 B8 B12 B18 B20 B22 C11	8	18	26
Lecturas	A29 A30 B8 B11 B16 C6	3	2	5
Estudo de casos	A26 A28 A30 A33 B1 B3 B11 B13 B16 B20 B24 C1 C4 C7 C10 C11 C12	10	20	30



Proba mixta	A26 A27 A28 A29 A30 B6 B8 B13 C10 C11	2	24	26
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións para introducir ao alumnado nos temas novos de cada bloque temático, esclarecer conceptos e sobre todo para significar o contido do bloque en relación ao aprendido na materia Enfermería Comunitaria I.
Aprendizaxe colaborativa	Resolución de problemas ou desenvolvemento de tarefas de modo colaborativo, non só sumando talento individual, se non aprendendo a construír un grupo con capacidade para resolver problemas e ofrecer respostas creativas ante os novos escenarios sociais que poidan atopar.
Lecturas	Lectura de literatura científica recente, ou de documentos de traballo que poden ser de interese para a actualización do alumnado ou para a mellora das competencias esperadas, pero que non se atopan habitualmente nos libros de referencia sobre a materia.
Estudo de casos	Proposta de resolución de casos ficticios ou anónimos para familiarizar ao alumnado coa aplicación e a utilidade real do que está a aprender.
Proba mixta	Proba de carácter obxectivo dirixida a avaliar se o alumno acada os obxectivos da asignatura, podendo estar conformada por diferentes tipos de preguntas sexan test, cortas, de asociación, etc...

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Aprendizaxe colaborativa	Atención persoalizada a demanda do alumno, coa finalidade de esclarecerlle dúbidas en torno aos contidos da materia ou calquer problema que lle poida dificultar a comprensión ou o seguimento da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A26 A27 A28 A29 A30 B6 B8 B13 C10 C11	Proba escrita de composición mixta dirixida a avaliar o logro dos obxectivos propostos na materia. Permite obter ata 8 puntos da nota final da materia; o alumnado debe obter polo menos cinco puntos (sobre 8) para poder superar a materia	80
Estudo de casos	A26 A28 A30 A33 B1 B3 B11 B13 B16 B20 B24 C1 C4 C7 C10 C11 C12	Traballo dirixido a que o alumnado obteña destrezas resolutivas en situacións similares ás que atopará na práctica asistencial como enfermeiro comunitario. A asistencia e participación activa na aula a través do estudo de casos é obrigatoria. Valorase de forma individual. Supón un 10 % (1 punto) da nota total, sendo necesario un mínimo de 0,5 puntos para superar a materia.	10
Aprendizaxe colaborativa	B1 B3 B8 B12 B18 B20 B22 C11	É un traballo de grupo obrigatorio no que se presentan ao alumnado tarefas para solucionar en conxunto. A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo é obrigatoria. Para a avaliación dos traballos segúranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral. Supón un 10 % (1 punto) da nota total, é necesario un mínimo de 0.5 puntos para superar a materia.	10

Observacións avaliación



A metodoloxía de avaliación descrita é obrigatoria para o alumnado de matrícula ordinaria en primeira oportunidade (xuño).

A.- Proba tipo mixto: realizarase unha proba escrita de carácter mixto, dirixida a avaliar a consecución dos obxectivos propostos na materia e relacionada cos contidos teóricos dos traballos de grupo. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10.

Permite conseguir ata oito puntos do total da materia, debendo obter polo menos cinco puntos para considerarse superada e poder facer o sumatorio das dúas partes da materia. A proba consta de 45 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta nas que só unha opción é válida e 5 preguntas curtas. Por cada tres respostas incorrectas resta 0,15 puntos. A valoración de preguntas tipo test é de 0,15 puntos e as preguntas curtas 0,25 puntos. A cualificación desta proba supón un 80% da nota final.

B. Aprendizaxe colaborativa: A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo é obrigatoria, onde se avaliará a adquisición de competencias, supoñerá o 10% da cualificación final. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral. Ante situacións de plaxio aplicarase o que se recolle na normativa da UDC.

Estudo de casos: Traballo dirixido a que o alumnado obteña destrezas resolutivas en situacións similares ás que atopará na práctica asistencial como enfermeiro comunitario.

A asistencia, a participación activa na aula a través do estudo de casos é obrigatoria e valorase de forma individual.

Supón un 10 % (1 punto) da nota total, sendo necesario un mínimo de 0,5 puntos para superar a materia.

Para superar a materia é necesario aprobar os dous bloques: proba tipo mixto (a puntuación mínima para superar a proba será de 5) e os traballos na aula.

O alumnado que concorran á segunda oportunidade (xullo) poderán escoller o mesmo sistema de avaliación ou o de exame único:

a) Se opta polo mesmo sistema de avaliación que en xuño, excepcionalmente e só durante este curso académico, poderá conservar a nota da parte que tivese aprobada -se fose o caso- na oportunidade de xuño.

b) Se opta polo sistema de exame único, deberá solicitalo por escrito ao profesor antes da data oficial de avaliación. Nese caso o exame contará con dúas preguntas adicionais relativas ás materias traballadas mediante o estudo de casos realizado ao longo do curso.

Será requisito para aprobar o exame obter 5 puntos e que polo menos una das preguntas engadidas estea correctamente contestada.

O alumnado con matrícula a tempo parcial poden acollerse ao sistema de avaliación de exame único tanto na convocatoria de xuño como na de xullo, debendo solicitalo por escrito ao profesor antes da data oficial de avaliación.

A cualificación de Matrícula de Honra poderán obtela o alumnado que puntúen polo menos un 9, con preferencia para as cualificacións de 10. O profesor poderá dirimir quen obtén esta cualificación utilizando a tal fin o contido do exame e dos casos estudados. En caso de igualdade de condicións e habendo máis aspirantes que matrículas, o profesor pode convocar aos alumnos/- as aspirantes para a realización dunha proba voluntaria que dirimirá quen obtén a cualificación MH ata o máximo de matrículas permitido.

Calificación de No Apto: poñerase cando o estudantado non se presente á proba obxectiva de coñecementos.



Bibliografía básica	- Martínez Riera JR, Del Pino Casado R. (2013). Manual práctico de Enfermería Comunitaria. Barcelona, Elsevier - Martín Zurro A, Cano Pérez J.F. (2014). Atención Primaria. Barcelona, Elsevier - Ayuso Murillo D, Tejedor L, Serrano A (2015). Enfermería Familiar y Comunitaria. Madrid, Díaz de Santos - Bulechek Gloria, Butcher Howar (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona, Elsevier - Organización Mundial de la Salud (1999). Salud 21. Ministerio de Sanidad y Consumo. - Formación Alcalá (2017). Enfermería Familiar y Comunitaria. . Jaen: Formación Alcalá - Moorhead Sue, Johnson Marion (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NOC). Barcelona, Elsevier - Johnson Marion, Bulechek Gloria (2011). Interrelaciones NANDA NOC Y NIC. Barcelona, Elsevier - Clavijo Chamorro MZ (2011). Educación sanitaria enfermera. Junta de Andalucía, Consejería de Cultura - Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmovilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ (2005). Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade - Bulechek GM, Butcher HK, Dochterman JM, Wagner CM, editores. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NIC). 6ª ed. . Madrid: Elsevier - Herdman, TH (2015). NANDA International (2014). Diagnósticos Enfermeros. Definiciones y Clasificación. 2015-2017. Barcelona: Elsevier - (). www.fisterra.com/. - (). www.sergas.es/. - (). www.agefec.org/web.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermería Comunitaria I/750G01014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais; Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

